

## Unha oportunidade para recuperar hábitats e especies

XORNADA DE VOLUNTARIADO

SÁBADO 21 DE SETEMBRO

### Eco-regata na ría de Betanzos

A eco-regata é unha competición para ver quen recolle máis lixo na xunqueira. Poden participar tanto persoas con embarcacións de todo tipo coma as que non teñen ningunha. Os que non se animen a embarcar tamén poden axudar descargando lixo no peirao. O obxectivo é compensar á natureza por permitírnos gozar durante todo o ano da súa paisaxe, dos servizos ambientais que proporciona e dun espazo de lecer para todos.

Cada equipo estará formado por unha lancha —cos papeis e co equipamento en regra— capitaneada polo seu patrón e acompañado polo grupo de persoas encargado de recolle-los refugallos na xunqueira e de deposita-los sacos de lixo onde diga o patrón da lancha.

A cada equipo indícaráselle un sector de xunqueira, que é onde teñen que traballar. Cada equipo ten que escolle-lo refugallo máis singular que atope, que será presentado ante o xurado do concurso.

O punto de partida e se chegada estará no porto de Betanzos. Os participantes deberán estar no peirao antes das 16:00 horas. A chegada a porto será ás 20:00 horas, onde teremos preparada comida e bebida para remata-la velada ás 21:00.

Para andar pola xunqueira é aconsellable levar botas de auga de talla axustada, para así non perdelas ó andar no esteiro (no caso de facer falta, usa dous pares de calcetíns). Ademais é conveniente levar pantalón longo, camisa de manga larga e luvas (de cociña, de pintor ou de coiro). Recomendamos usar gafas (de sol, graduadas ou de seguridade), pois ó agacharnos para recoller refugallos podemos cravarnos accidentalmente nos ollos a punta dun xunco. Tamén deberías levar a bebida que precises. Como é doado mancharse bastante co esteiro, pensa en levar algunha roupa de reposto por se necesitas cambiarte ó final da xornada.

Na organización deste evento colaboran con Fragas do Mandeo asociacións de Betanzos (Amigos dos Ríos de Betanzos e a Sociedade Gastronómica, Cultural, Deportiva e Xuvenil Lar de Unta), de Bergondo (Club de Remo Olímpico do Mandeo e a Asociación Ría do Pedrido) e de Paderne (Asociación Cultural Libre de Paderne Roxín Roxal). Tamén colaboran o concello de Betanzos (contedor e valados), Protección Civil e comercial Vicente de la Fuente (auga e electricidade).

Fragas do Mandeo contratará un seguro de accidentes para os voluntarios, polo que se precisan os teus datos con anterioridade (nome e apelidos, DNI, data de nacemento, concello de residencia, móbil e correo electrónico). No caso de cancelar a túa participación, por favor, avísanos para non te esperar inutilmente e aforrar no seguro. Se tés algún tipo de problema de saúde que deba sabelo a organización, por favor, non te esquezas de informar previamente. A túa participación nesta actividade supón a aceptación da toma de imaxes por parte da organización e a súa publicación en informacións relacionadas con ela.

Fragas do Mandeo encárgase da organización o día da xornada. Apunta o seu teléfono: **981 105 903**. Ese día estará desviado ó móbil da persoa que coordina a xornada.